

CURSO
2023
2024

0100110100101010011101010011101
0111202301010111101001010000101
010101001011010 010011010010101
0011101010011101011101001010101
1110100101000010101010100101101
0 01001101001010100111010100111
0101110100101010111101001010000
1010101001011010 010011202410
1010011101010011101011101001010

Datos e cifras do ensino non universitario

Setembro, 2023

DATOS E CIFRAS DO ENSINO NON UNIVERSITARIO

Curso 2023/24

XUNTA
DE GALICIA

Elaboración:

Xerencia de Proxectos de Educación (Estatísticas Educativas)

Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Ano: 2023

Complexo Administrativo San Caetano, Edificio nº 2, Soto - 15781 Santiago de Compostela

Maquetación e deseño da portada:

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

ÍNDICE

NOTAS EXPLICATIVAS	5	3.PROFESORADO	55
1.CENTROS EN FUNCIONAMIENTO	17	4.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E GRATUIDADE SOLIDARIA.....	59
1.1. Centros de réxime xeral	19	4.1. Servizos complementarios	61
1.2. Centros de réxime especial	25	4.2. Gratuidade solidaria (ensino obrigatorio)	62
2.ALUMNADO	27	5.INTEGRACIÓN DAS TIC NA PRÁCTICA EDUCATIVA	65
Ensinanzas de réxime xeral		Proxecto Abalar – Edixgal. Curso 2022/23	67
2.1. Educación infantil	29	Proxecto Abalar – Edixgal. Curso 2023/24. Estimacións	68
2.2. Educación primaria	31	6.OUTROS INDICADORES EDUCATIVOS	69
2.3. Educación secundaria obrigatoria	34	Abandono educativo temperán	71
2.4. Bacharelato ordinario	37	Taxas de idoneidade	72
2.5. Ciclos formativos ordinarios	39	Informe PISA	73
2.6. Cursos de especialización de FP.....	41	Investimento por alumno/a	74
2.7. Programas formativos	43	Alumnado por ordenador en centros públicos	75
2.8. Educación especial	44	Alumnado por docente	76
2.9. Ensinanzas de adultos	45	Alumnado con NEE	77
2.10. Gráficas. Evolución do alumnado matriculado.....	47		
Ensinanzas de réxime especial			
2.11. Ensinanzas de idiomas	49		
2.12. Ensinanzas artísticas	50		
2.13. Ensinanzas deportivas	53		

NOTAS EXPLICATIVAS

Notas explicativas

Nesta publicación preséntase información relativa a todos os centros docentes en funcionamento na Comunidade Autónoma de Galicia, no período de referencia, nos que se imparten ensinanzas non universitarias do sistema educativo español.

Todos os datos relativos ao curso académico 2023/24 son estimacións.

A estimación do número de centros en funcionamento no próximo curso escolar elaborouse a partir dos datos de centros en funcionamento no curso 2022/23, procedente da "Estatística do ensino non universitario" e da información facilitada pola Subdirección Xeral de Centros relativa aos peches e aperturas de centros de cara ao próximo curso.

Polo que respecta aos datos de alumnado, no caso do alumnado de infantil de tres anos, as estimacións elaboráronse a partir dos datos iniciais de matrícula extraídos da aplicación de xestión administrativa da educación – XADE en combinación coa evolución de anos anteriores.

Os restantes datos de alumnado estimáronse a partir dos datos procedentes da "Estatística do ensino non universitario", con base na evolución do número de alumnos por nivel educativo na comunidade autónoma nos últimos cursos académicos. Os datos de alumnado matriculado en cursos de especialización de FP estimáronse a partir da oferta educativa destes, tendo en conta o número de prazas ofertadas,

así como a evolución da cobertura destas nos tres anos que levan funcionando.

Para a estimación do número de profesores na ensinanza privada no curso 2023/24, empregouse a información recollida na "Estatística do ensino non universitario" en cursos anteriores.

Centros

Considéranse centros docentes todos os **centros en funcionamento** que imparten no curso de referencia algunha ensinanza non universitaria (régime xeral ou régim especial) na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os centros que teñen grupos/unidades en diferentes concellos/localidades (centros rurais agrupados) asígnanse ao concello/localidade cabeceira do centro.

Dende o curso 2016/17 compútanse os centros docentes estranxeiros situados na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpren co Real decreto 806/1993, do 28 de maio. Estes centros imparten ensinanzas do sistema educativo británico ou estadounidense, completadas por ensinanzas en Lingua e cultura española e Lingua e cultura galega. Ademais, o currículo incluírá contidos de Xeografía e Historia española e, entre eles, os propios da Comunidade Autónoma.

Non se inclúen:

- As actuacións educativas que non supoñen a creación dun centro docente e que se desenvolven no marco de convenios das

administracións educativas con outras administracións públicas ou con institucións privadas sen fins de lucro.

- As actuacións docentes que agrupan profesorado, persoal especializado ou servizos que teñen unha actuación directa sobre o alumnado de ensinanzas non universitarias (aulas da natureza, unidades hospitalarias...).
- Os centros docentes de 1º ciclo de educación infantil (0-3 anos), por non dispoñer de series temporais para facer as estimacións.

Na publicación preséntanse datos relativos aos centros nos que se imparten ensinanzas de réxime xeral agrupados segundo o tipo de ensinanzas que se imparten e clasificados segundo a titularidade do centro. Pola vez, inclúese a agrupación destes centros segundo a tipoloxía e a titularidade do centro.

Os datos de centros que imparten ensinanzas de réxime especial agrupáronse segundo a tipoloxía e a titularidade do centro.

Titularidade do centro

Os **centros públicos** son os centros de titularidade pública (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como doutras consellerías da Xunta de Galicia, ministerios ou Administración Local).

Os **centros privados** son aqueles nos que o titular é unha institución, entidade ou persoa de carácter privado.

Alumnado

Os datos de alumnado matriculado en ensinanzas de réxime xeral ordinarias no curso académico de referencia clasifícanse segundo o tipo de financiamento da ensinanza.

Tipo de financiamento

A matrícula en centros públicos inclúe todo o alumnado matriculado tanto en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coma doutras administracións. Nestes casos non existen diferenzas en canto ao financiamento entre alumnado de distintas ensinanzas nun mesmo centro.

No caso dos centros privados, distínguese entre alumnado matriculado en ensinanzas non concertadas e concertadas. Nun mesmo centro privado poden existir ensinanzas concertadas e non concertadas.

Os datos de alumnado matriculado nun nivel de ensinanza en centros privados concertados inclúen exclusivamente o alumnado matriculado nos centros que teñan concertado ese nivel de ensinanza, non en todos os centros concertados, xa que é posible que un centro teña concerto noutros niveis educativos e non na ensinanza considerada.

Alumnado matriculado en centros estranxeiros en Galicia

A distribución deste alumnado recolleuse atendendo ás táboas de equivalencia existentes entre os estudos británicos ou americanos cos estudos correspondentes ao sistema educativo español.

Alumnado sen nacionalidade española

Preséntanse tamén datos do alumnado matriculado que non posúe a nacionalidade española. Non se inclúe polo tanto o alumnado de nacionalidade española que estea en situación de dobre nacionalidade.

Profesorado

Para o profesorado da ensinanza pública inclúese o cadro orzamentario; é dicir, o total de prazas incluídas no orzamento e para as que se conta con financiamento para lle facer fronte ao pagamento das retribucións.

Servizos complementarios e gratuidade solidaria

Servizo de comedor

Os datos de centros con servizo de comedor que se presentan nesta publicación son todos eles relativos a centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten ensinanzas nos niveis de educación infantil (2º ciclo), primaria e secundaria obrigatoria.

Os centros públicos con servizo de comedor escolar clasifícanse segundo a modalidade de xestión.

Modalidade de xestión

Directa

- Polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Mediante a elaboración de comida centralizada en cociñas propias con persoal laboral da Administración e consumida nas propias dependencias do centro ou transportada a outros centros docentes próximos, para o que se contrata unha empresa do sector hostaleiro.

Indirecta

Contratación da subministración de comidas preparadas ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro, a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo polo procedemento que corresponda.

ANPA

Servizo xestionado directamente pola ANPA do centro baixo algunha das posibles modalidades e cofinanciado pola Administración mediante ordes de axudas anuais en concorrencia competitiva.

Concellos

Servizo xestionado polos concellos mediante convenios de colaboración.

Servizo de transporte escolar

Os datos de centros con servizo de transporte escolar que se presentan na publicación refírense a centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A este servizo terá dereito, con carácter xeral, todo o alumnado de niveis de ensinanzas obrigatorias que teña o seu domicilio a unha distancia do centro de ensino superior a dous quilómetros, así como outro alumnado que, mediante autorizacións excepcionais e por circunstancias específicas constatables, utilice o servizo residualmente, aínda que non se atope no suposto xeral de aplicación.

Gratuidade solidaria

O alumnado de centros sostidos con fondos públicos, matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial pode participar no programa de gratuidade solidaria.

As axudas para a adquisición de material escolar van destinadas ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria que pertenza a familias con renda *per cápita* de ata 6.000 €, así como ao alumnado de educación especial e o que teña unha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

As axudas para a adquisición de libros de texto concédense ao alumnado de 1º e 2º de educación primaria que teña unha renda *per cápita* fami-

liar de ata 6.000 €, así como ao alumnado de educación especial e o que teña unha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

A través do fondo solidario de libros de texto asígnanselle libros en réxime de préstamo ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e ao dos 4 cursos de educación secundaria obrigatoria, con renda *per cápita* familiar de ata 10.000 €, así como ao alumnado que teña unha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda e sempre que non estean dentro do programa Edixgal. Non obstante, se hai existencias no centro, poderá recibir libros o alumnado con renda superior.

O alumnado participante no programa Edixgal recibe nos seus dispositivos os materiais didácticos seleccionados polo seu profesorado.

Integración das TIC na práctica educativa

Proxecto Abalar – Iniciativa Edixgal

O Proxecto Abalar forma parte da **estratexia educativa galega de transformación do modelo educativo a través da integración das tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos.**

O proxecto artéllase a través de catro eixes de actuación:

- A dotación de medios tecnolóxicos nos centros e nas aulas.

- A posta á disposición da comunidade educativa de recursos educativos dixitais.
- A formación do profesorado.
- O uso de ferramentas que permitan o traballo colaborativo e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.

No marco deste proxecto, lévase a cabo a iniciativa de Educación Dixital (Edixgal). Neste curso (décimo terceiro ano do Proxecto Abalar) os centros que forman parte da rede Abalar e están incluídos na iniciativa de educación Dixital Edixgal, ben porque xa formaban parte do proxecto nos cursos pasados, ou ben porque se adheriron ao proxecto na convocatoria 2023, contarán cos seguintes recursos:

- Equipos individuais, en modalidade de cesión de uso, para a súa utilización educativa por parte do alumnado e profesorado participante no proxecto.
- Unha variedade de recursos educativos dixitais de distintas fontes e provedores.
- Unha formación específica para o desenvolvemento do proxecto a través dos plans de formación permanente de profesorado (PFPP) e de actividades formativas ofertadas ao profesorado.
- Ferramentas de colaboración e servizos de atención especializada.

Outros indicadores educativos

A **taxa de abandono educativo temperán** indica a porcentaxe de poboación de 18 a 24 anos que non completou o nivel de educación secundaria e non segue ningún tipo de formación.

As **taxas de idoneidade** indican as porcentaxes de alumnado matriculado no curso de escolaridade obrigatoria que teoricamente se corresponden coa súa idade respecto ao total de alumnado desa idade. No sistema educativo español, o curso correspondente aos seis anos é 1º de educación primaria e aos 15 anos é 4º de ESO.

O **investimento por alumno/a** calcúlase para todo o ensino non universitario no seu conxunto e cunha metodoloxía acorde coas normas do ministerio con competencias en materia educativa e o proxecto de indicadores da OCDE.

O **número medio de alumnos/as por ordenador** en centros públicos calcúlase de acordo coa metodoloxía das estatísticas de Sociedade da Información e a Comunicación do ministerio con competencias en materia educativa para o conxunto do estado.

O **número medio de alumnos/as por docente** inclúe, para cada tipo de centro, o colectivo completo do seu alumnado e de profesorado, diferenciando aqueles que teñen dedicación parcial, e calculando o equivalente a tempo completo de acordo coas estatísticas estatais.

A **taxa de inclusión** indica a porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais que cursa os seus estudos en inclusión en centros ordinarios na comunidade autónoma.

O **Programa internacional para a avaliación dos alumnos (PISA**, polas súas siglas en inglés: "Programme for International Student Assessment"), da OCDE, é unha proba trienal internacional que ten por obxectivo avaliar os sistemas educativos mediante a medición das habilidades e os coñecementos dos estudantes de 15 anos que se achegan ao final da súa educación obrigatoria. As probas que se realizan miden a competencia en lectura, ciencias e matemáticas.

Anexo I. Ensinanzas

Ensinanzas de réxime xeral	Ensinanzas ordinarias	Educación infantil
		Educación primaria
		Educación secundaria obrigatoria
		Bacharelato
		Ciclos formativos
		Cursos de especialización de FP
		Programas formativos
	Ensinanzas de adultos	Nivel I
		Nivel II
		Educación secundaria para persoas adultas
		Bacharelato
		Ciclos formativos
	Ensinanzas de educación especial	
Ensinanzas de réxime especial	Ensinanzas artísticas	Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño
		Estudios superiores de deseño
		Estudios superiores de conservación e restauración de bens culturais
		Ensinanzas de arte dramática
		Ensinanzas de música
		Ensinanzas de danza
	Ensinanzas de idiomas	
	Ensinanzas deportivas	

Educación infantil: ensinanza de carácter voluntario. Estrutúrase en dous ciclos, o primeiro ata os tres anos e o segundo dende os tres ata os seis anos de idade.

Educación primaria: constitúe o primeiro tramo da educación obrigatoria. Comprende seis cursos académicos e abarca dende os seis ata os doce anos de idade.

Educación secundaria obrigatoria (ESO): completa a ensinanza básica e comprende catro cursos académicos, dende os doce ata os dezaseis anos de idade.

Bacharelato: comprende dous cursos académicos, que normalmente se cursarán entre os dezaseis e os dezoito anos de idade. No curso 2022/23 entra en funcionamento o bacharelato LOMLOE pasando a ter catro modalidades diferentes: ciencias e tecnoloxía, humanidades e ciencias sociais, artes e a xeral, de nova incorporación. A de humanidades e ciencias sociais divídese nas submodalidades de humanidades e de ciencias sociais, por outra parte, a modalidade de Artes recupera a dobre vía dividíndose na de artes plásticas, imaxe e deseño e na de música e artes escénicas. Pode acceder aos estudos de bacharelato o alumnado que está en posesión do título de graduado en educación secundaria ou equivalente.

Ciclos formativos de formación profesional de grao medio: son ensinanzas que teñen unha estrutura modular. Inclúen un módulo de

formación en centros de traballo (FCT, que se desenvolve nunha empresa. Accédese co título de graduado en educación secundaria, co título de formación profesional básica ou mediante unha proba regulamentada polas administracións educativas.

Ciclos formativos de formación profesional de grao superior: son ensinanzas que teñen unha estrutura modular. Inclúen un módulo de formación en centros de traballo (FCT, que se desenvolve nunha empresa. Accédese co título de bacharelato, co título de técnico ou mediante unha proba regulamentada polas administracións educativas.

Formación profesional básica: é unha ensinanza cunha estrutura modular similar á do resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo. Está destinada a mozos entre quince e dezasete anos cumpridos dentro do ano de inicio do programa. Ten como finalidade específica que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo. A súa duración é de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo. Esta duración poderá ser ampliada a tres cursos académicos nos casos en que os ciclos formativos sexan incluídos en programas ou proxectos de formación profesional dual.

Cursos de especialización de FP: O obxecto destes cursos é complementar as competencias das persoas que xa dispoñan dun título de formación profesional e facilitar a aprendizaxe ao longo da vida. A

súa duración, con carácter xeral, é de 300 a 600 horas de formación e poderá incluír un módulo de formación en centros de traballo (FCT).

Programas formativos: pretenden dar continuidade á formación do alumnado con necesidades educativas especiais e dos colectivos con necesidades específicas de apoio educativo, adaptando o currículo ás súas necesidades. Primeiro foron implantados nos centros públicos de educación especial e, a partir do curso 2016/17, nos centros públicos ordinarios.

Ensinanzas básicas iniciais (EBI). Nivel I: están dirixidas a persoas adultas que non dominan as técnicas instrumentais elementais e que necesitan adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo. Están organizadas para grupos reducidos, cunha metodoloxía individualizada e con materiais específicos, en horarios flexibles, cunha dedicación semanal de 12 períodos lectivos.

Ensinanzas básicas iniciais (EBI). Nivel II: están dirixidas a persoas adultas sen ningunha titulación que desexen acceder á educación secundaria para persoas adultas, seguir con garantía de éxito cursos de cualificación profesional ou potenciar a súa participación activa na vida social, cultural, política e económica. Abrangue contidos relacionados coas necesidades e a realidade das persoas adultas, están estruturadas en tres ámbitos globalizados con horarios flexibles divididos en 16 períodos lectivos semanais.

Educación secundaria para persoas adultas (ESA): está destinada a persoas que desexen obter o título en Educación Secundaria. Organízase en dous niveis, I e II, e cada un deles repártese en dous módulos cuatrimestrais, polo que a duración total é de dous cursos académicos. As materias agrúpanse en tres ámbitos de coñecemento: ámbito Científico-Tecnolóxico, ámbito de Comunicación e ámbito Social.

Bacharelato de adultos: está dirixido ás persoas adultas que queiran adquirir os coñecementos necesarios para obter o título de Bacharelato e impártese durante dous cursos académicos. Existen dúas modalidades de asistencia, a modalidade presencial e a modalidade a distancia. O bacharelato de adultos presencial baséase na asistencia diaria do alumnado ás sesións lectivas de cada unha das materias do currículo. O Bacharelato para persoas adultas a distancia divídese novamente en dúas denominacións: Bacharelato de adultos a distancia semipresencial se teñen titorías presenciais e Bacharelato de adultos a distancia se as titorías son telemáticas.

Ciclos formativos de adultos: están dirixidos ás persoas adultas que queiran adquirir os coñecementos necesarios para obter o título de Formación Profesional. Existen tamén as modalidades de asistencia presencial, semipresencial e a distancia.

Formación profesional dual: ensinanza dirixida ás persoas adultas que ten por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade recibida no marco do sistema educativo. A súa duración máxima é de

tres anos e a súa estrutura depende, para cada módulo profesional, do convenio suscrito entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade colaboradora correspondente.

Ensinanzas de educación especial: comprende tanto as ensinanzas impartidas nos centros de educación especial como nas unidades de educación especial dos centros ordinarios. Abordan unha educación infantil e educación básica obrigatoria, así como unha formación profesional adaptada e de transición á vida adulta. A educación básica ten unha duración mínima de dez anos e céntrase no desenvolvemento dos obxectivos e competencias básicas no grao en que as características persoais do alumnado o possibiliten.

Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: abordan a aprendizaxe das técnicas artísticas, así como os oficios tradicionais de contido artístico. Estrutúranse en familias profesionais (semellantes ás da formación profesional) e comprenden unha serie de ciclos de grao medio e de grao superior, de dous cursos cada un. Estes ciclos constan dunha formación teórico-práctica na escola onde se imparten e dunha formación práctica en empresas, estudos ou talleres, unha vez superados os estudos no centro.

Estudos superiores de deseño: responden á necesidade de proporcionarlles aos futuros profesionais unha adecuada formación artística, científica e técnica, así como unha formación de calidade e unha titulación superior nos distintos ámbitos do deseño. Abranguen

catro especialidades: gráfico, de interiores, de moda e de produto. A duración do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de deseño é de catro cursos académicos.

Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais: teñen como finalidade a formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación de bens culturais e integran coñecementos tanto artísticos coma científicos e tecnolóxicos, que cualifican ao alumnado como especialista neste ámbito, en distintas especialidades: pintura, escultura e bens arqueolóxicos. A duración do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais é de catro cursos académicos.

Ensinanzas de arte dramática: son parte das ensinanzas artísticas superiores e teñen como obxectivo xeral a formación cualificada de profesionais nos ámbitos da interpretación, a dirección escénica, a dramaturxia, a escenografía e aquelas áreas de coñecemento e investigación vinculadas con elas. Os plans de estudos, de catro cursos académicos, pódense cursar nas especialidades de Dirección escénica e dramaturxia, Escenografía e Interpretación, e conducen á obtención do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de arte dramática na especialidade correspondente.

Ensinanzas da música: poden ser de dous tipos, regradas e non regradas. As primeiras, ordenadas polas administracións educativas, cúrsanse exclusivamente en conservatorios e en centros autorizados de música (estes de titularidade privada) e estrutúranse en tres graos;

elemental, profesional e superior, cunha duración de catro, seis e catro cursos académicos respectivamente. Ao finalizar o grao elemental o alumnado recibe un certificado expedido pola dirección do centro. A superación das ensinanzas profesionais de música conduce á obtención do título profesional de música e a superación das ensinanzas superiores á obtención do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de música. As ensinanzas non regradas de música non conducen á obtención de títulos con validez académica ou profesional e pódense cursar en escolas de música con organización e estrutura diferentes e sen limitación de idade.

Ensinanzas da danza: poden ser de dous tipos, regradas e non regradas. As primeiras, ordenadas polas administracións educativas, cúrsanse exclusivamente en conservatorios e en centros autorizados de danza (estes de titularidade privada e estrutúranse en tres graos; elemental, profesional e superior, cunha duración de catro, seis e catro cursos académicos respectivamente. Ao finalizar o grao elemental o alumnado recibe un certificado expedido pola dirección do centro. A superación das ensinanzas profesionais de danza conduce á obtención do título profesional de danza e a superación das ensinanzas superiores á obtención do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de danza. As ensinanzas non regradas de danza non conducen á obtención de títulos con validez académica ou profesional e pódense cursar en escolas de danza con organización e estrutura diferentes e sen limitación de idade.

Ensinanzas de idiomas: as ensinanzas de idiomas de réxime especial oriéntanse á formación de persoas adultas con necesidades específicas de aprendizaxe de idiomas, co obxecto de capacitar o alumnado para o uso axeitado dos idiomas, fóra do réxime ordinario do sistema educativo, e facilitarlle o desenvolvemento da capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa ao longo da vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Estas ensinanzas estrutúranse nos niveis básico, intermedio e avanzado, que se corresponden cos niveis A, B e C do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Ensinanzas deportivas: teñen como finalidade preparar ao alumnado para a actividade profesional no sistema deportivo en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva. Organízanse en grao medio (dividido en dous ciclos: ciclo inicial e ciclo final) e grao superior, conducentes aos títulos de Técnico deportivo e Técnico deportivo superior, respectivamente, nas correspondentes modalidades ou especialidades deportivas.

Simbología empregada

"-" Non procede

".." Dato oculto

CENTROS EN FUNCIONAMIENTO

Estimacións curso 2023/24

CENTROS DE RÉXIME XERAL

1.1. Centros de réxime xeral

Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten. Curso 2023/24. Estimacións

Todos os centros (*)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.358	523	176	159	500
C. de educación infantil	103	42	4	3	54
C. de educación infantil e primaria (1)	629	236	89	84	220
C. de educación primaria e ESO (2)	165	56	24	21	64
C. de ESO	33	15	3	2	13
C. de ESO e ensinanzas postobrigatorias	216	84	35	25	72
C. de ensinanzas postobrigatorias	96	41	12	12	31
C. de educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias (2)	71	32	5	7	27
C. de adultos (3)	10	3	2	2	3
C. de educación especial	35	14	2	3	16



Fonte: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.

Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.

Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de educación infantil.

As ensinanzas postobrigatorias comprenden o bacharelato (ordinario e de adultos), os ciclos formativos ordinarios e a oferta modular de ciclos formativos de adultos.

Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de adultos, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias.

Nos centros que imparten ensinanzas de adultos semipresenciais ou a distancia, entre outras, priman as ensinanzas presenciais sobre as de distancia e/ou semipresenciais.

Inclúense os centros que seguen un currículo británico ou americano aberto e flexible integrando os contidos da normativa vixente en España en Lingua e cultura española e en Lingua e cultura galega, ademais o currículo inclúe contidos de Xeografía e Historia de España e, entre eles, os propios da Comunidade Autónoma.

(1) Inclúense os centros que imparten só educación primaria.

(2) Inclúense os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de educación infantil.

(3) Inclúense nesta categoría os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos (educación secundaria para adultos presencial, educación secundaria para adultos semipresencial, bacharelato de adultos semipresencial, ensinanzas básicas iniciais ou calquera combinación destas ensinanzas).

(*) Inclúense algúns centros privados que están activos no rexistro de centros a pesar de que en cursos anteriores non funcionaran por falta de matrícula.

CENTROS DE RÉXIME XERAL

Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten. Curso 2023/24. Estimacións

Centros públicos

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.072	410	150	128	384
C. de educación infantil	95	37	4	3	51
C. de educación infantil e primaria (1)	602	219	86	83	214
C. de educación primaria e ESO (2)	64	28	12	8	16
C. de ESO	31	15	3	1	12
C. de ESO e ensinanzas postobrigatorias	209	81	34	23	71
C. de ensinanzas postobrigatorias	47	21	7	6	13
C. de educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias (2)	0	0	0	0	0
C. de adultos (3)	10	3	2	2	3
C. de educación especial	14	6	2	2	4

Fonte: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.

Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.

Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de educación infantil.

As ensinanzas postobrigatorias comprenden o bacharelato (ordinario e de adultos), os ciclos formativos ordinarios e a oferta modular de ciclos formativos de adultos.

Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de adultos, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias.

Nos centros que imparten ensinanzas de adultos semipresenciais ou a distancia, entre outras, priman as ensinanzas presenciais sobre as de distancia e/ou semipresenciais.

(1) Inclúense os centros que imparten só educación primaria.

(2) Inclúense os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de educación infantil.

(3) Inclúense nesta categoría os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos (educación secundaria para adultos presencial, educación secundaria para adultos semipresencial, bacharelato de adultos semipresencial, ensinanzas básicas iniciais ou calquera combinación destas ensinanzas).

CENTROS DE RÉXIME XERAL

Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten. Curso 2023/24.

Estimacións Centros privados (*)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	286	113	26	31	116
C. de educación infantil	8	5	0	0	3
C. de educación infantil e primaria (1)	27	17	3	1	6
C. de educación primaria e ESO (2)	101	28	12	13	48
C. de ESO	2	0	0	1	1
C. de ESO e ensinanzas postobrigatorias	7	3	1	2	1
C. de ensinanzas postobrigatorias	49	20	5	6	18
C. de educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias (2)	71	32	5	7	27
C. de adultos (3)	0	0	0	0	0
C. de educación especial	21	8	0	1	12

Fonte: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.

Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.

Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de educación infantil.

As ensinanzas postobrigatorias comprenden o bacharelato (ordinario e de adultos), os ciclos formativos ordinarios e a oferta modular de ciclos formativos de adultos.

Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de adultos, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias.

Nos centros que imparten ensinanzas de adultos semipresenciais ou a distancia, entre outras, priman as ensinanzas presenciais sobre as de distancia e/ou semipresenciais.

Inclúense os centros que seguen un currículo británico ou americano aberto e flexible integrando os contidos da normativa vixente en España en Lingua e cultura española e en Lingua e cultura galega, ademais o currículo inclúe contidos de Xeografía e Historia de España e, entre eles, os propios da Comunidade Autónoma.

(1) Inclúense os centros que imparten só educación primaria.

(2) Inclúense os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de educación infantil.

(3) Inclúense nesta categoría os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos (educación secundaria para adultos presencial, educación secundaria para adultos semipresencial, bacharelato de adultos semipresencial, ensinanzas básicas iniciais ou calquera combinación destas ensinanzas).

(*) Inclúense algúns centros privados que están activos no rexistro de centros a pesar de que en cursos anteriores non funcionaran por falta de matrícula.

CENTROS DE RÉXIME XERAL E ALUMNADO MATRICULADO

Centros de réxime xeral

Centros de réxime xeral en funcionamento segundo a súa denominación xenérica. Curso 2022/23. Provisionais

Todos os centros

		Datos provisionais 2022/23														
		Total centros	Ed. infantil	Ed. primaria	ESO	Bacharelato ordinario	Ciclos formativos ordinarios	C.f. Cursos Especialización	Programas formativos	Ed. sec. para persoas adultas	Bacharelato adultos	Ciclos formativos adultos	Formación profesional dual	Ensinanzas básicas iniciais adultos	Ensinanzas non regradas	Ed. especial
Total de centros públicos		1.075	37.624	92.033	68.578	27.186	30.375	360	231	3.911	3.350	16.136	1.735	918	1.987	553
EEI	Escola de educación infantil	87	2.736	33												1
CEP	Colexio de educación primaria	21		4.814												73
CEIP	Centro de educación infantil e primaria	566	30.550	79.223												16
CPI	Centro público integrado	64	2.503	7.625	6.305											
CRA	Colexio rural agrupado	26	1.835	338												
Gen. Pub.	Centro Público	1			8											
IES	Instituto de educación secundaria	250			62.265	27.186	17.064	112	18	1.611	1.939	6.728	742	189	536	31
CFEA	Centro de Formación e Experimentación Agraria	5					275					269	14			
CIFP	Centro integrado de formación profesional	26					12.568	248				9.129	979			
INSTITUTO	Instituto	1					203									
IGAFA	Instituto Galego de Formación en Acuicultura	1					71									
ESCO	Escola	2					194									
EPAPU	Centro público de educación e promoción de adultos	11							2.300	1.411	10			729	1.451	
CEE	Centro de educación especial	14							213							432
Total de centros privados (1)		283	15.373	38.163	28.138	5.888	9.353	0	0	38	0	726	0	0	0	696
CPR	Centro privado	247	14.985	37.263	27.778	5.780	8.784			28		702				279
CPREX	Centro privado estranxeiro	11	388	900	289	108										
EFAG	Escola familiar agraria	3			71		569			10		24				
CEEPR	Centro de educación especial privado	22														417

Fonte: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.

Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.

Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de educación infantil.

